



Concello de Lugo

**COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DE ACTIVIDADES
OU APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:			NIF/NIE:
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de actuar por medio de representante)

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/NIE:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:

DATOS DA ACTIVIDADE COMERCIAL

DESCRIBIÓN/ACTIVIDADE:		EPÍGRAFE IAE:
LOCALIZACIÓN:		SUPERFICIE (m ²):
REFERENCIA CATASTRAL:	TÉCNICA/O REDACTORA/R DO PROXECTO OU DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:	
DENOMINACIÓN DO ESTABLECEMENTO:		

COMUNICA

COMUNICO E DECLARO:

- A apertura do establecemento sen realizar obras.
- Que remataron as obras comunicadas/autorizadas o ____/____/____ (expediente LIC/COM ____/____), polo que procede abrir o establecemento ou poñer en funcionamento as instalacións sen prexuízo das comprobacións administrativas que procedan.
- Cambios relativos ás condicións ou características da actividade ou establecemento.

DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE: ____/____/____

(Se non se indica, entenderase que comeza ao día seguinte de presentar a comunicación).

NOTA: no dorso deste impreso indícase a documentación que deberá achegar con esta solicitude.

Lugo, ____ de ____ de ____
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA SOLICITUDE

- Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.
- Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade ou instalación, con planos de localización a escala 1/1.000 da planimetría do Plan xeral de ordenación urbana, así como plano no que se localice o local dentro do inmovible no que se sitúa, memoria urbanística e memoria de superficies.
- A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todo o necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- Se fose o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas na Lei 9/2013.
- Cando se trate de actividades comerciais, aportarase Ficheiro cumprimentado, para a súa comunicación a Dirección Xeral ós efectos de inscrición no Rexistro Galego de Comercio.
- Copia da licenza de construción do inmovible, se este é posterior ao ano 1969; se é anterior, deberá facelo constar expresamente na instancia.
- Copia da licenza de primeira utilización da edificación, se a obra se finalizou con posterioridade ao ano 1977.
- No caso de que a actividade sexa exercida por unha sociedade ou comunidade de bens, deberase presentar copia da súa acta de constitución.
- No caso de actuar en representación, autorización escrita da persoa solicitante ou copia de poder para representala.
- Declaración dos datos que a xuízo da persoa solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente.

EFECTOS DA COMUNICACIÓN:

- A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe un acto xurídico do particular que habilita para o inicio da actividade ou faculta para a apertura do establecemento e, de ser o caso, para o inicio da obra ou instalación, e faculta a Administración pública para verificar a conformidade dos datos que se conteñen nela.
- O incumprimento sobrevido das condicións da comunicación previa ou dos requisitos legais da actividade será causa da ineficacia da comunicación previa, e habilitarán o concello respectivo para a súa declaración logo de audiencia da/o interesada/o.
- A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa, comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.
- A resolución administrativa que constata estas circunstancias comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga da/o interesada/o de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses e un ano.
- Quen exerza a titularidade das actividades deberá:
 - * Garantir que os seus establecementos manterán as mesmas condicións que tiñan cando estas foron iniciadas, así como tamén adaptar as instalacións ás novas condicións que posteriores normativas establezan.
 - * Comunicar ó órgano competente, cando se produza, calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento.
 - * Será, en todo caso, necesaria unha nova comunicación previa, nos casos de modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.